

II MINI BTT



Ciclismo
Galego
Federación



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

NON



ESTACIONES VIVAS

★ *Baños de Molgas* ★

18 de Julio

Organiza:



Patrocina



Colabora:

Toldos Ourense - Estrella Galicia 00 - Autoescuela San Fran - Valdemunde Team - Candelas
Disco Móvil Show - Cabreiroá



PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO

II MINI BTT ESTACIONES VIVAS

08/08/2021

O responsable de protocolo por parte da organización será:

CARLOS MOURE CASTRO con D.N.I. **34917071N**, teléfono de contacto **670830126**.

EVALUACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2

(en base ó documento do Ministerio de Sanidade "recomendacións para eventos e actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España" de data 16 de setembro de 2020")

- O evento celébrase en **BAÑOS DE MOLGAS** con restricións de nivel **MEDIO-BAIXO**.
- Célébrase integramente ó aire libre.
- A situación do evento está situado a 3 km do núcleo urbán.
- Disputarase na **Rúa da Estación en Baños de Molgas**, onde se distribúen as diferentes áreas ou zonas delimitadas e controles de acceso.
- A participación estimada é de 450 deportistas, distribuídos en 13 categorías distintas e acompañados de **2 persoas** por cada deportista, sendo a totalidade estimada de 950 persoas.
- Os deportistas accederán ó recinto:

Benxamíns, Promesas: **sen test de antíxenos ou PCR negativa**.

Infantís, Alevines e Principiantes: **con test de antíxenos ou PCR negativa**.

- O evento celebrarase dende as 8:00 ata ás 16:00.
- Pódese manter a distancia de seguridade interpersoal de 1.5 mts.
- Os participantes van dende os 3 anos ata os 14 anos sendo o rango de idade de maior participación de 12 a 14.
- Os deportistas proveñen das catro provincias galegas. No caso de participantes doutras comunidades autónomas comunicar con idéntica antelación as autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia **SEXAN RESIDENTES EN GALICIA OU NON, QUE PROVEÑAN OU ESTIVERAN NOS ÚLTIMOS CATORCE DÍAS EN TERRITORIOS DE ALTA INCIDENCIA EPIDEMIOLÓXICA POR COVID19, DEBEN TER EN CONTA SE TEÑEN A OBRIGA DE REXISTRARSE A TRAVÉS DE <https://www.sergas.es/Saude-publica/benvida-viaxeirxs>**.

A valoración do nivel de risco é **BAIXO**.

Para minimizar o risco de contaxio, a proba seguirá de forma estricta o "Protocolo de actuación para a volta da actividade ciclista fronte a Covid-19" da Federación Galega de Ciclismo e este "Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO **II MINI BTT ESTACIONES VIVAS** e data **08/08/2021**" Ámbolos dous documentos serán de obrigado cumprimento por parte de todas as persoas que forman parte da proba (staff, organización, participantes, medios de comunicación, etc....)



MEDIDAS ESPECÍFICAS A TOMAR PARA A CONTENCIÓN DE AFORO NO EVENTO

Para a contención do aforo ó evento tomaranse as seguintes medidas:

1. O evento non contará con público. Só accederán ó circuíto as persoas que formen parte da proba (staff, organización, técnicos, auxiliares, acompañantes, deportistas e medios de comunicación) que terán que estar previamente inscritas.
2. Soamente se permitirá o acceso as zonas de carpas, zona saída-presáida, meta e oficina permanente os monitores, directores deportivo ou licenciado e, como máximo dous representantes do club con autorización expresa emitida polo mesmo, todos eles acreditados.
3. O evento desenvolverase durante toda a mañá en diferentes mangas con tempo suficiente para o desafiuzamento das categorías que participan en cada manga do circuíto.
4. Os deportistas que rematen a súa manga deberán abandonar inmediatamente o circuíto con excepción dos corredores que deban presentarse á cerimonia de premiación. Se non fora posible porque o seu equipo aínda debe disputar máis mangas, deberán permanecer nas zonas habilitadas e sempre mantendo a distancia social.
5. Os medios de comunicación acreditados poderán estar representados por un máximo de 6 persoas en total.
6. Contaremos cun total de 25/30 persoas para o control das zonas de acceso e o correcto desenrolo do evento.
7. Persoal de apoio por parte da Policía Local e Protección Civil.
8. Medios sanitarios, unha Ambulancia e Médico

CONTROL NO RECINTO ONDE SE DESENVOLVE A COMPETICIÓN.

O recinto da proba atópase ó aire libre, nun recinto con acceso controlado nas inmediacións dos terreos da **Rúa da Estación en Baños de Molgas**.

O control para a entrega das pulseiras identificativas constará de:

- A. Comprobación de preinscripción na proba.
- B. Comprobación de datos dos vehículos para os que o equipo solicitou autorización.
- C. Toma de temperatura a todos os participantes antes de formar as grellas (+37,5 activar protocolo Sergas chamar ó 900400116).
- D. Limpeza e desinfección de mans.

Unha vez comprobada toda a documentación e que a mesma está correcta, procederase a:

- E. Entrega de pulseiras identificativas que se terán que por inmediatamente antes do acceso. Según o seu color se lles permitirá o acceso a diferentes zonas do recinto.
- F. Entrega de acreditación para o vehículo.
- G. Indicación do lugar onde estacionar e montar o seu stand.



O recinto da proba divídese en 3 partes, todas elas cerradas no seu perímetro para poder controlar os respectivos accesos.

1. ZONA EQUIPOS:

A zona de Equipos está situada á entrada do recinto.

O acceso a esta zona estará controlado e dito acceso só estará habitado para participantes e auxiliares.

Só se poderá acceder ó recinto coa correspondente pulseira identificativa.

Cada equipo terá unha zona onde ubicará as súas carpas. Entre a zona dun equipo e a doutro haberá unha separación mínima de 3 mts libres.

Dentro do recinto:

- Non haberá vestiarios, nin duchas
- Non haberá punto de limpeza de bicicletas común
- Haberá varios puntos con xel hidroalcohólico distribuídos pola zona

2. CIRCUITO:

O circuío ten unha lonxitude de 2000 mts aprox. É un circuío circular que discorre na súa maior parte por zona verde.

O circuío estará balizado, contando cun cerre perimetral, malla xa existente, vallas e cinta, que impide o acceso dende a zona de equipos sen pasar previamente polo control de acceso.

Só se permite a entrada ó circuío ó deportista que leve o seu dorsal, tanto para recoñecer o circuío como para a súa manga de competición.

Anunciarase por megafonía lembrando a distancia interpersonal de 1,5 mts, o uso obrigatorio da máscara e o cumprimento dos protocolos da proba.

3. OFICINA PERMANENTE:

Situarase nunha carpa ubicada nas inmediacións do lugar da proba.

En dita oficina só se permitirá o acceso a 1 persoa como máximo e non permitindo a entrada a máis ata que esa deixe dita oficina. As persoas que teñan que esperar deberán manter unha distancia de 2 mts entre elas.

Só se permite acceso a un técnico/responsable por club.

Antes do acceso a dita oficina haberá un punto con xel hidroalcohólico.

Na oficina permanente non se realiza reunión de directores. Todo cambio ou imprevisto se comunicará por megafonía.

Colocaranse carteis coa normativa de uso da máscara obligatoria e a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 mts e desinfección de mans.



PROGRAMA DE COMPETICIÓN E FORMATO:

A competición realizarase en diferentes mangas, segundo categorías.

O circuito abrirase ás 9:30, para comezar os adestramentos de circuito, só por deportistas que porten dorsal e segundo a categoría que corresponda e os técnicos que os acompañen. Sempre levarán a máscara na inspección do circuito.

A grella de saída dispórase deixando unha separación lateral de 1,5 mts. lateralmente entre cada ciclista e unha distancia entre o corredor de adiante o de atrás de 2 mts.

HORARIOS E MANGAS:

09:30 a 09:50, adestramentos libres de INFANTÍS (con máscara).

10:00, 1ª Manga (con test - sen máscara):

Competición de Infantís masculino e Infantís feminino. Retiraran a máscara 30 segundos antes da saída.

- 10:00 Saída Infantís feminino
- Ó finalizar a proba anterior, Infantís masculino
- Cerimonia de premiación e desaloxo.

11:35 a 11:50, adestramentos libres de ALEVÍNES (con máscara).

12:00, 2ª Manga (con test -sen máscara)

Competición de Alevís masculino e Alevís feminino. Retiraran a máscara 30 segundos antes da saída.

- 12:00 Saída Alevís feminino
- Ó finalizar a proba anterior, Alevís masculino B
- Ó finalizar a proba anterior, Alevís masculino A
- Cerimonia de premiación e desaloxo.

13:40 a 13:55, adestramentos libres de PRINCIPIANTES (con máscara).

14:05, 3ª Manga (con test - sen máscara)

Competición de Principiantes masculino e Principiantes feminino

- 14:05 Saída Principiantes feminino
- Ó finalizar a proba anterior, Principiantes masculino B
- Ó finalizar a proba anterior, Principiantes masculino A
- Cerimonia de premiación e desaloxo.

15:30 a 15:45, revisión circuito Benxamíns e Promesas (con máscara).

15:55, 4ª Manga (sen máscara, mantendo a distancia de 1,5 mts en todo momento)

Competición de Benxamíns e Promesas masculinos e femininos

- 15:55 Saída Benxamíns feminino
- Ó finalizar a proba anterior, Benxamíns masculino
- Ó finalizar a proba anterior, Promesas feminino



- Ó finalizar a proba anterior, Promesa masculino B
- Ó finalizar a proba anterior, Promesa masculino A

FIN DA PROBA DEPORTIVA

REXISTROS DE ACCESO:

É obrigatoria a inscrición de todos os participantes na proba.

CORREDORES E TÉCNICOS DE CLUBES: Web da Federación Galega de Ciclismo.

INSCRICION REPRESENTANTE DE CLUBE: <https://forms.gle/ewucUobVUwXNFofg9>

INCRICION DE EQUIPOS (INSTALACIÓN DE CARPAS): <https://forms.gle/TUVfUJmEsw7VHpfD7>

INSCRICION MEDIOS DE COMUNICACIÓN: <https://forms.gle/TEXmfuVrSkd76Yzf7>

INSCRICIÓN ACOMPAÑANTE <https://forms.gle/BVRBhVYJB8Lsx2iW9>

ANTES, DURANTE E DESPOIS DA COMPETICIÓN:

ANTES DA COMPETICIÓN

1. Os deportistas só poderán acceder ó paddock para o recoñecemento do circuito e a disputa da súa proba.
2. Os deportistas terán que portar a máscara en todo momento.

DURANTE COMPETICIÓN

1. Toma de temperatura (+37,5 de fiebre ou síntomas compatibles coa COVID19, activar protocolo Sergas, chamar ó 900400116).
2. Distancia de seguridade en toda a formación de grella.
3. O persoal auxiliar e técnico só poderá permanecer no circuito nas zonas habilitadas. Antes do acceso á mesma deberán desinfectar as mans no punto de xel hidroalcohólico que porá a disposición a organización. Sempre deberán levar a máscara.

DESPOIS COMPETICION

1. Todo corredor que pase a liña de meta a organización lle entregará unha nova a cada deportista, e inmediatamente despois dirixiranse á zona de equipos pola zona habilitada para dito fin.
2. Non haberá zona de duchas, nin vestuarios compartidos.
3. Non haberá ningún posto de lavado de bicicletas común. Cada equipo ou deportista deberá realizar as labores de limpeza na súa zona habilitada e co seu propio material de limpeza.
4. Todos os deportistas desde o fin da súa proba terán que abandonar o recinto da mesma. Senón fora posible deberá permanecer na zona asignada do seu equipo.
5. Todo deportista, auxiliar ou técnico que non cumpla estas normas, se lle prohibirá estar automaticamente na zona da proba.

CERIMONIA DE PREMIACIÓN

A entrega de premios realizárase inmediatamente ó término de cada manga, desviando ós deportistas que lles corresponda á zona de pódium e solicitando por megafonía o acceso dun responsable do club para acompañalo, mantendo a distancia de seguridade e usando máscara.

Todo persoal de Organización, Médicos, Seguridade, Asistentes, Media, etc. así como o persoal de equipos deberán portar a máscara en todo momento en todas as zonas do evento.

RESUMO FINAL:

Test COVID según categorías , Ausencia de público xeral, uso de máscara obligatoria, distancia interpersonal de 1,5m, evitar o contacto si o, limpeza e desinfección de mans, evitar aglomeracións, toma de temperatura e realización de todos os actos ó aire libre



PLANO DEL EVENTO

